

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE RESPONSABLES LEGAIS DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR (2022)**(CONVOCATORIA)**

De acordo coa **RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2022, da dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos**, a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **DOUS (2) responsables**, dun total de **TRES (3)** que debe ter o Consello Escolar. Non hai representante proposto pola Asociación de Pais "MAESTRÍA" dado que non esta en funcionamento.

2.- Son electores todos os proxenitores ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral antes do 16 de novembro as 14:00

3.- Son elixibles os proxenitores ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Instituto, ou na Web <http://www.fernandowirtz.com>
As candidaturas poderán ser presentadas dende **o 9 ao 16 de novembro na secretaría deste centro**.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o día **21 de novembro, ás 10:30 horas**. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente/a, e catro proxenitores ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 21 ao 27 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. O día 28 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de DEZ (10) electores/as.

7.- As votacións realizaranse neste IES o **día 29 de novembro, de 11:00 a 13:00 e de 18:00 a 20:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 10:45 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de **UN (1) nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto ambos proxenitores ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Coruña, 9 de novembro de 2022

O DIRECTOR e Presidente da Xunta Electoral

Asinado dixitalmente

Asdo: Rafael Menéndez de la Vega

